



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: delegación de atribucións para celebrar casamento civil

Expte. administrativo núm. 2026/R001/000006

Expte. decreto núm.: 2026/G003/000493

Estando prevista a celebración de casamento civil entre M.S.B. e N.C.V. o día 17/07/2026 ás 12:00 H.

Visto o establecido nos art. 51.2.1º do Código civil e no art. 21.1 s) e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e nos arts. 43 e 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, do Regulamento de Ordenación e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF),

RESOLVO:

Primeiro. Delegar as miñas funcións para a celebración do casamento civil a celebrar neste concello o día 17 de xullo de 2026, ás 12:00 h, entre M.S.B. e N.C.V., na concelleira do BNG desta corporación, María Cristina Vázquez del Prisco. Non obstante, se por algunha circunstancia a concelleira non puidese exercer a citada delegación a competencia será exercida/asumida por esta alcaldía, órgano delegante.

Segundo. Notificar a presente resolución a concelleira do BNG, María Cristina Vázquez del Prisco, que se considerará tacitamente aceptada, agás manifestación expresa en contra po prazo de 3 días dende a súa notificación.

Cuarto. Proceder a publicación do presente acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, en cumprimento do previsto legalmente.

Quinto. Dar conta ao pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura electrónica á marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, para os efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García

(documento asinado dixitalmente)